

INTERBARRIOS 03-09-2012

Lugar: Agra

Hora: 20.00h.

Asisten: Agra, Montealto, Ría e GT Comunicación

### **1. Caso Troco da Agra:**

Ante o xuízo de faltas que se celebrará por unha suposta falta de identificación durante un mercado do troco na Agra, a Ría e Montealto comentan que apoian o caso e o feito de que o avogado sexa Fredi. A Agra non o falou aínda. No relativo a outros barrios ou vilas, Arteixo manifestouse dicindo que tamén apoiaba economicamente.

\* Haberá que decidir como se reparte o gasto, por grupos ou por persoas e como se recaudan os cartos.

\* Recordar que o xuízo é o día 12 de setembro ás 10.00h. na sala de vistas terceira planta.

### **2. Xuntanza:**

Tanto Montealto como A Ría insisten en que ten que ser decisoria, mediante voto individual. O día que plantexan é o 15 de setembro ás 11.00h.. Montealto propón que sexa no parque de Sta. Margarita mentres que a Ría comentan que debería ser nun lugar pechado sen indicar onde.

A Ría xa presentara a súa perspectiva sobre a Rede. Inclúese no ANEXO 1.

\* Fai falta concretar o lugar.

### **3. Información da Ría:**

O domingo 9 terá lugar no mercado de Vilaboa a asemblea temática sobre os rescates. O contido será o resultado do foro e a asemblea de Perillo, que se pode ler no seu blog.

<http://15mria.dyndns.org/post.php?idpost=33>

O venres 31 de agosto foi a proxección do documental Catastroika, despois da cal abriuse un debate interesante.

### **4. Información de Montealto:**

Creouse un grupo de traballo para o boicot a Inditex. Está aberto a quen queira formar parte del. Xuntaranse este martes ás 19.00h. no Coco.

O xoves levarase a cabo a asemblea sobre os recortes na educación. Están pendentes si se tratará tamén o tema do aborto.

O venres 07 virá Feijoo inaugurar o curso escolar á Coruña.

Toma o Congreso: hai disparidade de opinións.

Despois da xuntanza hai que facer algo relacionado coas eleccións.

## 5. Información do Grupo de Comunicación.

- Relacionado coas actas de Interbarrios, coméntase que falta a da reunión do 09 de xullo levada a cabo na Agra. A xente presente comenta que ese día non se tomaron notas. A Ría, a día 04 de xullo colgou información da reunión correspondente. ANEXO 1

Na do 16 de xullo, mediante pad, só hai información da Ría. ANEXO 2

O 23 de xullo non se fixo Interbarrios, pero Montealto ANEXO 3

### Informacións varias sobre as mobilizacións do 15 de setembro e do 25 "Ocupa o congreso"

• **15-Setembro:** Organizado por UGT e CCOO xunto a outras organizacións, facéndose chamar "Cumbre Social".

[http://www.ccoo.es/comunes/recursos/1/pub71663\\_Gaceta\\_Sindical\\_\(Edicion\\_especial\\_n\\_112\)\\_Cumbre\\_Social\\_para\\_defender\\_el\\_futuro.pdf](http://www.ccoo.es/comunes/recursos/1/pub71663_Gaceta_Sindical_(Edicion_especial_n_112)_Cumbre_Social_para_defender_el_futuro.pdf) Ao final atoparedes as organizacións implicadas.

- Outros sindicatos que o apoian ademais de CCOO e UGT:

Csi-f: <http://castorjusticia.blogspot.com.es/2012/08/manifestacion-en-madrid-el-dia-15-de.html>

CGT sección de ensino de andalucía: <http://www.fasecgt.org/spip.php?article15294>

USO de Galicia (baixade uns cuantos post para velo) <http://www.usogalicia.es/>

STEs, pódese ver o cartel nas publicacións <http://www.stes.es/>

....

- Opinión de AcampadaSol: <http://madrid.tomalaplaza.net/2012/08/14/sobre-la-cumbre-social-y-la-manifestacion-del-15-de-septiembre-de-ccoo-y-ugt/>

- Asamblea virtual do 15m:

<https://www.facebook.com/AsambleaVirtual#!/events/515166105176914/>

• **25 Setembro, Ocupa o Congreso**, este é o evento en facebook:

<https://www.facebook.com/AsambleaVirtual#!/events/355184007883632/>

e aquí a acta na que aparecen colectivos que o inician:

<http://plataformaenpie.wordpress.com/2012/08/11/acta-asamblea-intergrupos-presentacion-del-25s/>

## 6. IMPORTANTE: Quen ten o megáfono?

## ANEXOS

### 1. INFORMACION DA REUNION DO GT DA RIA DO 03/07

1.- Xuntanza Indignada. Ratificouse o documento a enviar á Rede, O Que Futuro para A Rede, que será enviado hoxe á listaxe (adxuntase).

2.- Denuncia contra un compañeiro do Agra. Cando a policía municipal levantou o troco do Agra fai un mês, tomaron DNIs. Pois bem, a un compañeiro que lle tomaron os datos chegoulle umha denuncia do Concello para setembro.

Consideramos que a Rede como tal quen apoiar o compañeiro, denunciando publicamente a presión das institucións sobre os movementos sociais (130 mil euros de multas contra o 15M, prisión para sindicalistas do metal de Vigo, cargas policiais, modificación do código penal, etc., etc.). Por outra banda contamos para o asesoramento legal com un abogado, e pensamos que tem que reunirse com el.

3.- Acordamos facer diversas actividades como umha asemblea temática sobre o rescate, um vídeo fórum ou responder ás ameazas de peche da liña ferroviária a Ferrol/Lugo.

**Con esta texto queremos expresar diante de toda a Rede cal é a nosa opinion e as perspectivas que lle vemos cara o futuro, que debe ser a discusión central da vindeira Xuntanza Indignada.**

#### **O qué futuro para a Rede**

Como dixemos na carta respostando ás preguntas de algunhas asembleas, a Rede é umha organización para “a coordinación e o impulso das loitas” contra as políticas dos gobernos e o poder economico. E isto define os obxectivos, as tarefas e os medios de organización dos que temos de dotarnos.

A gravidade da crise que xa non é simplemente economica, senon social, de valores e politica, marca a actividade da calquer agrupamento humano, desde as Anpas, ate fai pouco fortemente despolitizadas e hoxe convocando folgas e mobilizacións contra os recortes, ate calquer outra organización social como os consumidores, os usuarios dos servizos bancarios ou os xubilados (os autochamados “yayoflautas”). A crise atinxe o conxunto da sociedade, e é ista a que ten que responder.

O ano pasado, desde a Comisión de Contidos da Acampada impulsamos o famoso chamado de “toma os barrios”, e fomos impulsando a constitución de asembleas en barrios e vilas da área da Coruña. Neste camiño coincidimos con outras asembleas, como a de Cambre, que viñan doutro proceso distinto.

O eixo do traballo foi claro, frente a tendencia á despolitización que desde sectores da Acampada querian introducir no movemento 15M, desde a Comisión de Contidos considerabámsos que o 15M era un movemento politico cidadan, e que como tal, tiña como eixo o levar á sociedade que recien espertaba do “paraiso” da burbulla inmobiliaria, a necesidade de loitar por uns obxectivos que centramos nos 8 puntos aprobados na asemblea do 22 de maio do 2011.

Este camiño demostrouse correcto e acertado. Un ano despois, a organización que agrupa a mais xente e que ten mais capacidade de traballo é a Rede de Barrios e Vilas. Os feito son claros, desde a participación na manifestación do 15O, ate a presenza nos piquetes da Folga Xeral, pasando polas concentracións da sanidade, da mesma dación en pago, ou a organización da manifestación cos compañeiros de DRY da manifestación do 12M, demostran que a Rede como tal foi capaz de manter a esencia independente e de loita do 15M.

Mas a vida non se para, e a mesma auga que non pasa duas veces por baixo a ponte, e a propia Rede esta nun cruzamento de camiños que, se non o resolve nun sentido positivo, ameaza a súa destrucción.

Desde o 15M ate hoxe teñen acontecido moitas cousas, primeiro, dun goberno do PSOE temos pasado a un do PP. O cambio non é de fondo, os dous son parte do problema da sociedade. A chegada do PP ao goberno desatou umha verdadeira orxia de ataques aos traballadores/as, á cidadania, en todos os eidos, desde a reforma laboral ate as privatizacións, desde o desmantelamento dos servizos sociais ate novos rescates á banca.

Uns ataques non se ciñen aos aspectos sociais ou economicos, senon que se trasladan o politico. O goberno vai

desmontar moitas das conquistas en liberdades democráticas, cumha oleada de detencions de sindicalistas, estudantes, ou de represion das manifestacions, co intento anunciado, mas non concretizado, de reformar o codigo penal para transformar en delicto o que hoxe é un exercicio de liberdades democráticas.

Este recorte de liberdades non só ven goberno, senon que os concellos tamen estan adoptando medidas similares, co de Santiago á vangarda.

O 15 M foi o espertar, confuso, sen orientacions, pola negativa: como colectivo sabíase o que non se quería; mas non o que se quería. E aquí comezan os problemas e as discusións que temos que resolver.

### **Para qué queremos a Rede**

O 15 M foi o rexeitamento pola negativa dumha situación abrallante para o conxunto da sociedade, especialmente os seus sectores mais explotados e oprimidos. O troco no goberno non só non mellorou a situación -como era de previr-, senon que agravouna, e hoxe temos retrocedido en todos os eidos sociais.

Esto pon a sociedade diante dunha disyuntiva moi clara, ou acabamos con este goberno e os seus planes de empobrecimento social, ou a sociedade vai retroceder aos anos 50 (como pouco). A Rede ten que servir, primeiro para fomentar a loita da clase traballadora, dos oprimidos, baixo o criterio da unidade desde abaixo de todos eles, tal e como fixemos na Folga Xeral ou o 1º de maio.

Mas, o 15M rexeitou a “política” institucional, os partidos e as cupulas sindicais burocráticas, que non respectan nin consultan ás bases ningunha das súas decisións. O 15M introduxo de novo o método asembleario na sociedade.

Aquí temos que facer unha diferenciación. Os sindicatos, como as AA VV ou as organizacións feministas, son organismos que respontan a sectores ou clases sociais, á clase traballadora, que atinxe tanto homes como mulleres, migrantes ou nativos, xovenes ou vellos, as AA VV agrupan os veciños/as, as organizacións feministas expresan e organizan a loita das mulleres pola súa liberación.

O que o 15M non rexeitou foi esta necesidade de organización social, o que rexeitou foi o carácter burocrático, subvencionado de moitas das súas cupulas; porque o ser organismos da sociedade, esta vaise dotar deses organismos, se chamen como se chamen. A Rede denunciará todo intento das cupulas burocráticas de desvirtuar o verdadeiro carácter combativo e democrático que deben ter, e loitará por que teñan este carácter.

O que realmente rexeitou o 15M foi os partidos institucionais, tradicionais, volcados á procura de votos como sexa; que poen todo movemento social o servizo dun proxecto electoral. Este é o significado profundo do “non nos representan”, que tanto se berrou desde o 15M.

A Rede, o longo deste ano, veu a facer un papel abandonado polas organizacións da esquerda, o de levar á sociedade a necesidade da autoorganización para loitar contra as políticas dos gobernos. Fixemolo constantemente, como se demonstra coa convocatoria da asemblea o 15M.

A Rede, a pesar das súas liortas internas, sobrevive porque é necesaria para cubrir ese terreo abandonado por todos os que din defender á clase traballadora e os oprimidos. Unha organización non sobrevive se non resposta a unha necesidade social, e a Rede é a expresión do valeiro que existe na sociedade dumha organización política que faga política dentro da sociedade.

A Rede tende a romper coa dicotomía introducida polos partidos institucionais, entre o “votante/cidadao” e o “político” que vende o seu programa a unha masa acritica. A Rede tende a romper esta dicotomía porque é filla dum movemento que tiña no seu código xenético esa ruptura.

A tarefa é desenvolver ate o final esta tendencia. A Rede ten que ser un órgano que leva a súa política á sociedade, aos sectores oprimidos, desde dentro deles; non desde fora para captar votos. Isto sería reproducir o esquema institucional, e poren sería a súa morte. Para facer o mesmo que os outros fan, para iso non ten porque existir.

Por iso, a Rede ten que facerse consciente de que é un organismo político, que baixo as súas propostas programáticas e políticas, busca a transformación da sociedade numha mais xusta e igualitaria, e que iso significa o enfrentamento co sistema, cos seus gobernos e as súas institucións, sexan partidos ou o que sexan.

Esto é o que significa dar un salto en positivo no cruce de camiños onde agora se acha a Rede. Transformarse dun organismo “laxo” e desorganizado, nun colectivo mais organizado, mais operativo e con capacidade de intervención na sociedade, baseado en acordos políticos para o traballo na sociedade.

Neste sentido, a operatividade e a eficacia supón un acordo político superior. Ate o de agora tivemos os 8 puntos, aos que non renunciamos, mas ha que poñerllos nas novas condicións, que poden definirse da seguinte maneira:

A Rede é unha organización política, soberana e autónoma de calquera formación política que desenvolverá a súa liña de intervención ali onde os seus órganos colectivos o decidan. A pertencencia á Rede é individual e non entra en contradición con calquera outra organización ou partido político, e defínese por unha estratexia de loita anticapitalista, de clase, radicalmente democrática, internacionalista, ecoloxista e feminista.

### **A organización da Rede**

As asembleas populares que deron orixe á Rede transformáronse, nos feitos, en grupos de traballo nos barrios e vilas; e así o mesmo nome cambiou de Rede de Asembleas cara Rede de Barrios e Vilas, mais acorde coa realidade.

As asembleas populares son un organismo diferente aos grupos de traballo barriais, pois as primeiras implican un grao de masividade que non teñen os outros. Pola contra, os outros son agrupamentos que permiten a constancia no traballo na sociedade que unha asemblea non ten.

A Rede agrupa aos grupos de traballo que teñen como unha das súas eivas fundamentais, a autoorganización da sociedade en asembleas populares.

Por outra banda, a mesma sociedade está estruturada en sectores sociais explotados e oprimidos, a clase traballadora, as mulleres, a xuventude. Isto implica unhas necesidades para responder aos problemas que lles afectan, que ponnos na obriga de dotarnos de organismos que se “especialicen” neses sectores sociais.

Dun xeito empírico comezamos a chamarlles Comisións Transversais, e o camiño é o de desenvolverlas.

Por último, a Coordinadora IB. Ate o de agora, era un organismo de coordinación sen ningunha capacidade de decisión, e baseábase no consenso das asembleas. E isto, que semella “horizontal e democrático”, en realidade é o mais antidemocrático que existe, pois unha minoría pode vetar nos feitos a actividade da maioría.

Ademais, a velocidade á que se producen os acontecementos, convirte a IB nun peso para o desenvolvemento da Rede, pois establece un mecanismo lento para a toma de decisións. Se queremos que as propostas políticas da Rede cheguen á sociedade cando os acontecementos se producen, e non un mes despois, é preciso que os grupos de traballo deleguen certa capacidade de decisión á CIB, e que esta se produza, se é posible por acordo (non consenso) e, en caso de diverxencias, por votación simple, de xeito que non se paralice a actividade.

Decisións que sempre serán fiscalizadas polos grupos de traballo, diante dos que terá que responder, pois supónse que todos/as remamos no mesmo sentido, na transformación desta sociedade capitalista, nunha máis xusta e igualitaria. É obvio que os 8 puntos e este obxectivo da transformación social son os límites que teñen as decisións que poida adoptar a CIB.

Nela estarán representadas os diferentes grupos de traballo e reuniranse presencialmente dun xeito ordinario, cada 15 días.

### **Relacións co resto das organizacións do 15M**

**A Rede procura á coordinación co resto das organizacións xurdidas o 15M, para desenvolver campañas e actividades conxuntas, a partir dos principios básicos da Rede de anticapitalismo, internacionalismo, democrático radical, feminismo e ecoloxismo.**

## 2. INTERBARRIOS 16-07-2012

Por pad.

Asisten: Asemblea de A Ria

### Ria:

1. Charla participativa en Perillo. Tivemos unha asistencia moderada debido as inclemencias climatolóxicas. Fixemos varios contactos
2. Xuntanza indignada. Proponemos manter a data do 21 sempre que o resto dos grupos teñan xa os debates preparados, pois consideramos que a asemblea ten que ser decisoria. Parecemos mais axeitado que teña lugar en local pechado.
3. Acudiremos co bloque crítico a manifestación do 19
4. Acudiremos a manifestación de Coruña en Loita do 28
5. Acudiremos a manifestación do 30 en defensa da Administración pública
6. Se están planificando outras actividades que se comunicaran no seu momento

## 3. INFORMACION relevante de la última reunión en Monte Alto: (publicada o 24 xullo)

- La plataforma A Coruña en loita nos informa de que van a hacer una manifestación por todos los EREs que está habiendo en la ciudad y el área metropolitana el día 28 de julio, a las 20 horas, desde la Plaza de Pontevedra hasta la Delegación del Gobierno.
- Con respecto a la concentración antitaurina del sábado 4 de agosto, a las 19 horas, en la Plaza de María Pita, se decide que se apoya como Asamblea.
- A principios de julio se aprobó el relanzamiento de la página web <http://corunha.info> con el objetivo de que actúe como lugar donde se centralicen las convocatorias de distintos colectivos sociales de A Coruña y área metropolitana. Dicha página web fue creada a imagen y semejanza de <http://www.demosphere.eu> que contiene la agenda alternativa de la región parisina, que lleva desde 2007 activa y muestra un amplio número de convocatorias incluso con meses vista de antelación. Nosotr@s tenemos a un administrador que se encarga de subir allí nuestras convocatorias, y la idea es que haya un administrador por cada colectivo social que esté interesado en promocionar allí sus actos, es decir, que se autogestione la web.